

Boletín nº2 Deporte de Orientación

XXII LIGA GALEGA

XII TROFEO UNIVERSIDADE de VIGO

Sábado, 8 de xuño de 2013

Seguridade:

O novo plano do Campus Universitario, denominado Universidade-Parque do Coñecemento está dividido por unha estrada de circunvalación.

Para efectuar os tránsitos de corredores habilítase un paso (túnel que pasa por debaixo da citada estrada).

O paso dunha zona a outra do plano farase a través do túnel marcado no plano como paso **OBRIGADO**.

Sobre o terreo estará sinalado nas entradas e saídas con cinta de balizar.

QUEDA TOTALMENTE PROHIBIDO O CRUCE OU TRÁNSITO POLA ESTRADA QUE CIRCUNVALA O CAMPUS.

Saídas non Federados:

Non se marcará hora de saída para os corredores non federados. Poderán saír en calquera momento entre a hora inicial de carreira e a hora de saída do último corredor federado, rexistrando o seu tempo inicial a través da baliza de saída . Poderán saír individualmente ou en grupo, sen solicitalo previamente.

Xurado Técnico:

Pablo Aller (Club Peña Trevinca)
José Luis Armada (Club Uni. De Vigo)
David Casado (Club APA Liceo)

Información Técnica:

Están detectadas zonas do plano nas que hai un leve cambio na vexetación, debido ás condicións climatolóxicas.

Calculamos que se viron alteradas un grao máis.

Se ben non é preocupante, recomendamos a utilización de polainas.

Non se colocará avituallamento aínda que estarán sinaladas fontes de auga potable. Nesta zona hai mesas de pedra e asadores que non están sinalados no mapa.

En diversas zonas do mapa hai unha gran densidade de controis, por iso é preciso comprobar, máis que nunca, o código da baliza.

Existen diversos bucles, habendo ademais controis que se visitan en máis dunha ocasión.

Distancias:

PERCORRIDO	BALIZAS	DISTANCIA	DESNIVEL
PR 1	8	2710	100
PR 2	10	2660	125
PR 3	11	3430	140
PR 4	11	3860	160
PR 5	15	4740	230
PR 6	17	5660	275
PR 7	20	6440	310
PR 8	22	6860	340
PR 9	25	7730	415

Percorridos:

Anúnciase unha variación con respecto ao Boletín nº1, referente ás escalas dos percorridos.

Percorridos 4, 5, 6, 7, 8 e 9: escala 1:7.500. Eq 5m.

Percorridos restantes: escala 1: 5.000. Eq 5m.

Trazados:

Manu Fariña

Restaurante R&C, Como en Casa:

Quen desexe poderá comer no restaurante R&C da área comercial. O menú que ofrecen é o seguinte:

1º prato:

Ensalada de pementos asados e atún.

Lasaña de carne.

Revolto de cogomelos e gambas.

2º prato:

Pescada ou salmón á prancha con patacas ou arroz

Carne estofada.

Filetes de tenreira.

Pan, postre, bebida e café

8 eur. Ive incluído

Suxerencias por encargo:

Paella mixta

Chipiróns

Polo ao ajillo.